



## OPCIÓN B

Desde a rotonda da gasoleneira até a rúa das Pombas (tramo 2 e 3) plantéxase un só carril de circulación de 4 metros de ancho. Isto permite facer máis anchas as beirarrúas (entre 2,50 e 3,00 metros na par e entre 2,50 e 6,00 metros na impar) e manter a maioría das prazas de aparcamento. En toda a rúa colocaríanse 36 árbores e 16 farolas con tecnoloxía led.

No tramo 1, desde a Rúa das Pombas até a rotonda do Axente Comercial mantéñense dous sentidos de circulación e plantéxanse dúas posibilidades:

### B.1. Sen aparcamentos

- Redúcense 14 aparcamentos para obter beirarrúas de 2,50 metros no lado par e de 3,60 metros na beirarrúa impar (beirarrúa da finca Sarmiento)
- Arborado na beirarrúa impar.
- O total de prazas de aparcamento en toda a rúa serían 58, 32 menos que na actualidade.

### B.2. Con aparcamentos na beirarrúa impar

- Mantéñense 14 prazas de aparcamento na marxe impar (finca Sarmiento), quedando esa beirarrúa reducida a 1,80 metros e 2,50 metros no lado par.
- O arborado ubícase intercalado nas prazas de aparcamento no tramo 1 e no resto na beirarrúa.
- O total de prazas de aparcamento en toda a rúa serían 72, 18 menos que na actualidade.

PONTEAREAS O TEU FOGAR

# HUMANIZACIÓN RÚA REDONDELA

PROCESO PARTICIPATIVO  
Exposición pública



PONTEAREAS



UNIÓN EUROPEA

Martes 5 febreiro – 19:30 h  
Sala Multiusos do Auditorio  
Reveriano Soutullo

[www.ponteareas.gal/ponteareasoteufogar](http://www.ponteareas.gal/ponteareasoteufogar)

PONTEAREAS O TEU FOGAR - HUMANIZACIÓN RÚA REDONDELA

## CRITERIOS XERAIS DAS PROPOSTAS

- **Beirarrúas:** Aumentar a anchura das beirarrúas existentes, tendo como obxectivo asegurar por norma un ancho mínimo de 2,50 metros (frente á media de 1,30 – 1,70 metros actuais).
- **Arborado:** Aumentar o número de árbores e a sombra sobre beirarrúas e prazas de aparcamento, con separación dabondo das fachadas dos edificios.
- **Pasos de peóns:** Mellorar o tránsito entre beirarrúas, reforzar itinerarios e aumentar a visibilidade dos peóns afastando a zona de aparcamento.
- **Accesibilidade.** Plataforma peonil e pasos de peóns na mesma rasante para garantir accesibilidade (cadeiras de rodas, carriños bebés, ...)
- **Alumeado público:** Mellora do alumeado actual e cambio a tecnoloxía led (aforro enerxético).
- **Espazos reservados:** Manter os espazos para illas de reciclaxe e de carga e descarga, dotando a rúa de estacionamentos para persoas con discapacidade.
- **Mobiliario urbano:** Instalación papeleiras, dispensadores de bolsas para excrementos de cans, paneis informativos (mupys) e bancos.
- **Instalacións e servizos:** Renovación dos colectores de saneamento de augas fecais e separación das augas pluviais. Soterramento das liñas eléctricas aéreas.
- **Seguridade vial:** Límite de velocidade a 30 Km/h.

## OPCIÓN DE HUMANIZACIÓN

Plantéxanse dúas opcións ou alternativas de humanización para o seu estudo e debate a través da participación cidadán.

A opción B a súa vez, recolle dúas posibilidades diferentes no tramo 1.

### OPCIÓN A

- Beirarrúa par cun ancho entre 2,50 e 2,80 metros e beirarrúa impar cun ancho entre 1,80 e 6,00 metros.
- Continuidade da beirarrúa por diante da panificadora.
- Calzada de 5,90 metros con dous sentidos de circulación.
- Redución de 24 prazas de aparcamento, mantendo un total de 66 prazas.
- Plantación de 36 novas árbores intercaladas entre as prazas de aparcamento, para lograr unha mellor e maior sombra.
- 16 farolas con tecnoloxía led.

**CONSULTA OS DOCUMENTOS DAS PROPOSTAS EN [WWW.PONTEAREAS.GAL](http://WWW.PONTEAREAS.GAL) NA SECCIÓN “PONTEAREAS O TEU FOGAR”**

Fai as túas suxestións e propostas na web, na reunión presencial do día 5 ou por escrito no Rexistro Xeral do Concello.

